



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Dereito internacional dos espazos	Código	612G01047	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Sobrino Heredia, Jose Manuel	Correo electrónico	j.sobrino@udc.es	
Profesorado	Oanta Oanta, Gabriela Alexandra	Correo electrónico	gabriela.oanta@udc.es	
	Sobrino Heredia, Jose Manuel		j.sobrino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>O Dereito internacional dos espazos é unha materia xurídico internacional onde se estuda o ámbito físico-espacial onde se desenvolven as relacións de coexistencia e de cooperación entre os distintos suxeitos internacional, especialmente, Estados e Organizacións internacionais.</p> <p>Estes espazos son, en primeiro lugar o territorio, soporte físico da soberanía do Estado e delimitado mediante fronteiras. Pero o territorio non é soamente a superficie terrestre, senón tamén a marítima e a aérea, de maneira que se examinan, igualmente, os espazos marítimos (tanto os suxeitos á soberanía do Estado como os que non) e o espazo suprayacente, isto é o espazo aéreo e o ultraterrestre. Ademais, nesta disciplina analízanse outros espazos de singular importancia, como son, os cursos de auga internacionais e os espazos polares. E, finalmente, como todos estes espazos comparten o mesmo medio ambiente, tamén se explica a protección xurídico-internacional do medio ambiente.</p> <p>O estudo desta materia permitirá ao estudante coñecer mellor unhas institucións xurídico-internacionais que dan lugar a unha práctica moi intensa e cunha proxección profesional, sen dúbida, moi destacada como son o Dereito do mar ou o Dereito aéreo. E, tamén, abordar cuestións cruciais para o futuro da Humanidade, como son o estado ambiental dos mares e dos océanos, o uso da auga doce, o quecemento global, a cuestión do Ártico e a Antártida, ou en fin, a existencia dun Patrimonio Común da Humanidade.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
Coñecemento das principais institucións xurídicas.	A1		
Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.	A2		
Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.	A3		
Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.	A4		
Comprensión das distintas manifestacións do dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual.	A6		
Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional.	A7		
Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais).	A9		
	A10		
		B2	
Aprender a aprender.		B6	
B2 Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		B7	



		B8 B11 B13 B3 B4	
Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.		B9	
Traballar de forma colaborativa.		B10	
Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.			C2
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8
			C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Lección 1.- O territorio do Estado	<ol style="list-style-type: none"> 1. A competencia territorial do Estado 2. Concepto e natureza do territorio 3. Os modos de adquisición do territorio 4. A delimitación do territorio estatal 5. As modificacións no exercicio da competencia territorial do Estado
Lección 2.- A competencia territorial do Estado sobre certos espazos marítimos	<ol style="list-style-type: none"> 1. A evolución do Dereito do Mar: factores e intereses. 2. Os espazos marítimos suxeitos á soberanía dos Estados. <ol style="list-style-type: none"> A) Augas interiores. B) Mar territorial. 3. Os espazos marítimos suxeitos a certas competencias funcionais dos Estados. <ol style="list-style-type: none"> A) A zona contigua. B) A zona económica exclusiva. C) A plataforma continental.
Lección 3.- Os espazos marítimos non suxeitos ás competencias dos Estados e certas situacións especiais	<ol style="list-style-type: none"> 1. O alto mar. 2. A zona internacional de fondos mariños e oceánicos. 3. Análise de certas situacións especiais. <ol style="list-style-type: none"> A) Os estreitos internacionais. B) O arquipélago oceánico. C) Os Estados sen litoral e en situación xeográfica desvantajosa.
Lección 4.- Cooperación e conflito nos espazos marítimos	<ol style="list-style-type: none"> 1. A xestión e explotación dos recursos mariños: a pesca. 2. A seguridade e a protección marítima: catástrofes marítimas e pirataría. 3. As Organizacións internacionais e o Dereito do mar: A Política marítima integrada da Unión Europea.
Lección 5.- O espazo aéreo e o espazo ultraterrestre	<ol style="list-style-type: none"> 1. O espazo aéreo: concepto, delimitación e réxime xurídico. 2. O espazo ultraterrestre: concepto, delimitación e réxime xurídico 3. O réxime internacional das comunicacións.
Lección 6.- Cursos de auga internacionais	<ol style="list-style-type: none"> 1. Os cursos de auga internacionais. <ol style="list-style-type: none"> A) Réxime da navegación. B) Usos con fins distintos á navegación. 2. As canles internacionais.
Lección 7.- Os espazos polares e o ciberespazo	<ol style="list-style-type: none"> 1. O Artico. 2. A Antártida. 3. O ciberespazo.



Lección 8.- A protección internacional do medio ambiente	<ol style="list-style-type: none"> 1. Evolución histórica. 2. Características do Dereito internacional do medio ambiente. 3. Principios do Dereito internacional do medio ambiente. 3. A protección xurídico-internacional do medio ambiente dos distintos espazos e dos recursos naturais.
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A10 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B2 B3 B4 C2 C3 C6 C7 C8	12	20	32
Traballos tutelados	B6 B7 B9 B10 C2 C3 C8	4	9	13
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A6 A7 A9 B7	2	49	51
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A6 A7 A9	16	0.5	16.5
Atención personalizada		0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Traballos en grupo coa finalidade de que o alumnado estude un tema en concreto dunha maneira máis intensiva.
Traballos tutelados	Casos prácticos, cuestionarios e preguntas de reflexión sobre determinados contidos da materia, coas orientacións e tutoría do profesor. Poderán consistir nunha aprendizaxe cooperativa e poderán ir acompañados de foros de debate dirixidos.
Proba obxectiva	Exame final sobre os contidos da materia, a ser realizado soamente por aqueles alumnos que se acollen ao modelo de avaliación B (ver paso 7: avaliación).
Sesión maxistral	Explicación teórica na aula dos contidos fundamentais da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>A atención personalizada resulta esencial para un mellor rendemento do alumno e unha mellor adquisición das competencias esixidas.</p> <p>Requírese unha participación activa do alumnado, tanto na aula como nas tutorías para que o profesor poida ter o maior número de elementos á hora de personalizar a docencia.</p> <p>No seu caso, estableceranse tutorías personalizadas e/ou en grupo para orientar aos alumnos no seguimento das sesións maxistras, así como no desenvolvemento das diversas actividades da materia.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	B6 B7 B9 B10 C2 C3 C8	Valorarase a correcta execución formal e material das actividades prácticas expostas, prestando atención ao dominio dos contidos, pero tamén aos aspectos reflexivos e expresivos, así como á adquisición das diversas competencias da materia.	70
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A6 A7 A9 B7	Valorarase o coñecemento e dominio dos contidos non soamente memorístico senón tamén reflexivo, así como a adquisición das diversas competencias da materia.	10



Seminario	A10 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B2 B3 B4 C2 C3 C6 C7 C8	Valorarase a correcta execución formal e material das actividades prácticas expostas, prestando atención ao dominio dos contidos, pero tamén aos aspectos reflexivos e expresivos, así como á adquisición das diversas competencias da materia.	20
-----------	---	---	----

Observacións avaliación

En canto ao sistema de avaliación en xeral, establécese un sistema de avaliación continua, que consistirá nunha serie de actividades dirixidas durante todo o cuadrimestre, que serán, fundamentalmente, seminarios, cuestionarios e traballos tutelados, para cuxa elaboración ou resolución os alumnos contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.

MODELO DE AVALIACIÓN A): Necesariamente, os alumnos deberán realizar as actividades complementarias previstas na programación das actividades da materia. O nivel mínimo esixido para a superación da actividade dirixida será dunha cualificación global de 5 puntos sobre 10. En caso contrario, a materia non se considerará aprobada. Os alumnos poderán beneficiarse das cualificacións obtidas nas actividades dirixidas durante a primeira oportunidade de exame do curso académico correspondente. Así mesmo, para a cualificación global valoraranse positivamente outras actividades que vaian organizando os profesores da materia ao longo do cuadrimestre, como xornadas, congresos ou actividades doutra natureza. Na avaliación global tamén se terán en conta positivamente a asistencia e a activa participación do alumnado nas clases, as tutorías e nas demais actividades da materia. Ademais, aqueles alumnos que desexen obter a cualificación de "Sobresaliente ou Sobresaliente MH" deberán realizar un traballo de investigación sobre a materia explicada.

MODELO DE AVALIACIÓN B): O alumnado que non poida seguir o Modelo de avaliación A) e o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia deberá realizar un exame final sobre os contidos da materia, cuxa cualificación máxima será de 10 puntos sobre 10.

Polo que se refire á segunda oportunidade de exames, o alumnado deberá realizar unha proba escrita cuxa cualificación máxima será de 10 puntos sobre 10.

A realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso "0" nas dúas oportunidades de exame.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - SOBRINO HEREDIA, J. M. (2016). Textos para el estudio del Derecho internacional público, Derecho de la Unión Europea y Derecho internacional de los espacios. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch - SOBRINO HEREDIA, J.M. (2016). Textos para el estudio del Derecho internacional público, Derecho de la Unión Europea y Derecho internacional de los espacios. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch - ANDRÉS SÁENZ DE SANTA MARÍA, P. (2020). Sistema de Derecho Internacional Público, 6ª ed.. Civitas-Thomson Reuters - DÍEZ DE VELASCO, M. (2013). Instituciones de Derecho Internacional Público, 18ª ed.. Madrid: Ed. Tecnos - PASTOR RIDRUEJO, J. A. (2022). Curso de Derecho Internacional Público y Organizaciones Internacionales, 26ª ed.. Madrid: Ed. Tecnos - SOBRINO HEREDIA, J. M. (DIR.) (2011). Sûreté maritime et violence en mer / Maritime Security and Violence at Sea. Bruxelles: Ed. Bruylant - SOBRINO HEREDIA, J. M. (DIR.) (2014). La contribution de la Convention des Nations Unies sur le droit de la mer à la bonne gouvernance des mers et océans. La contribución de la Convención de las Naciones Unidas sobre el derecho del mar a . Napoli: Ed. Scientifica - OANTA, G.A. (2019). Textos jurídicos para el estudio de la Política marítima integrada de la Unión Europea. Barcelona: Bosch Editor - OANTA, G.A. (2022). Main legal texts for the study of public international law. Valencia: Tirant lo Blanch
----------------------------	---



Bibliografía complementaria	RECURSOS WEB:ORGANIZACIÓN DE LAS NACIONES UNIDAS (ONU) www.un.org DIVISIÓN DE LA ONU SOBRE ASUNTOS OCEÁNICOS Y DEL DERECHO DEL MAR http://www.un.org/Depts/los/index.htm CONVENCIÓN DE LAS NACIONES UNIDAS SOBRE EL DERECHO DEL MAR http://www.un.org/Depts/los/convention_agreements/convention_overview_convention.htm TRIBUNAL INTERNACIONAL DE DERECHO DEL MAR (TIDM) http://www.itlos.org/ CONSEJO ÁRTICO: http://www.arctic-council.org/index.php/en/ COMITÉ CIENTÍFICO SOBRE LA INVESTIGACIÓN DE LA ANTÁRTIDA (SCAR, EN INGLÉS) http://www.scar.org/ ORGANIZACIÓN DE LA AVIACIÓN CIVIL INTERNACIONAL (OACI) http://www.icao.int/Pages/default.aspx
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito Internacional Público/612G01019

Dereito da Unión Europea/612G01021

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Traballo fin de Grao/612G01031

Observacións

Máster Universitario en Dereito Dixital e da Intelixencia Artificial (MUDDIA)

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías